

XUNTA DE GALICIA

RESUMO DE APOIOS A EMPRESAS E AUTÓNOMOS

Lembra que tes á túa disposición o **teléfono gratuito 900 815 600**, de atención a empresas ante o COVID-19, para resolver as túas dúbidas no ámbito económico e laboral (Horario de 8 a 18h de luns a venres)

Principais liñas de apoio:

1. **Liña de préstamos de ata 200.000 euros**, cos xuros bonificados pola Xunta, para cubrir os pagos de facturas, salarios, alugueiros e impostos.
2. **Aprazamento das cotas** de amortización e xuros para aquelas empresas que teñan préstamos formalizados coa Xunta
3. **Suspensión dos prazos para a presentación de impostos autonómicos** ata, como mínimo, o 30 de xuño.
4. Apoios directos ao desenvolvemento de **proxectos innovadores vinculados ao coronavirus** e á **fabricación inmediata de medios de protección** a través de axudas que faciliten ás pemes galegas reorganizar a súa produción

(1) **PRÉSTAMOS DO IGAPE AVALADOS PARA APOIAR ÁS PEMES E AUTÓNOMOS NO CONTEXTO DO ACTUAL BROTE DE COVID-19 (2020)**

- **O prazo de presentación finaliza o 30/09/2020**
- Liquidez inmediata
- Mobilización de 250M€
- Ata 200.000€ por negocio
- Os beneficiarios terán ata catro anos para amortizar estes préstamos, cun ano de carencia.
- A Xunta bonificará o 100% dos intereses

Ficha informativa desta liña de axudas:

<http://www.igape.es/gl/base-xeral-de-axudas/ficha/IGAP393>

(2) APRAZAMENTO DE AMORTIZACIÓNS DE XUROS E PRÉSTAMOS FORMALIZADOS COA XUNTA

- XesGalicia aproba unha moratoria no pago do principal nas cotas liquidables ata o 30 de xuño de 2020, de modo que as empresas que cumpran as condicións estipuladas pódanse beneficiar da condonación no pago de intereses e da moratoria no pago do principal durante todo o primeiro semestre do ano
- Desde o día 24 de abril e ata o 22 de maio de 2020 (ambos inclusive) aquelas empresas financiadas que desexen optar á nova medida de condonación e/ou á moratoria deberán achegar debidamente cumprimentada a Declaración Responsable dispoñible na web de Xes Galicia
- XesGalicia pon esta medida en marcha co fin último de continuar axudando a mitigar os efectos da situación actual, así como para seguir apoiando a aqueles proxectos viables que se viron afectados por unha situación conxuntural e non estrutural

Ficha dispoñible coa información:

[http://www.xesgalicia.gal/sites/default/files/files/attachments/2020/04/medida ampliada preguntas frecuentes 0.pdf](http://www.xesgalicia.gal/sites/default/files/files/attachments/2020/04/medida_ampliada_preguntas_frecuentes_0.pdf)

(3) A XUNTA SUSPENDE OS PRAZOS PARA A PRESENTACIÓN DOS IMPOSTOS DE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS, DE SUCESIÓNS E OS TRIBUTOS DO XOGO PARA DOTAR DE LIQUIDEZ A EMPRESAS E CIDADÁNS

- Todas as autoliquidacións destes impostos cuxo prazo vence a partir da declaración do estado de alarma poderán ser presentadas ata o 30 de xuño, ou ata un mes despois da finalización do estado de alarma.
- A medida beneficiará cada mes a 32.000 persoas e empresas, e a Axencia Tributaria de Galicia deixará de ingresar cada mes uns 35 millóns de euros

- En todo caso, os contribuíntes que así o prefiran poden presentar as autoliquidacións de xeito telemático a través da Oficina Virtual da ATRIGA.
- Hai que ter en conta que un contribuínte, aínda que non teña que aboar o imposto por beneficiarse das distintas bonificacións ou deducións existentes –como sucede coas deducións do Imposto sobre Sucesións ou co programa de Impostos Cero no rural-, si está obrigado en todo caso a presentar a correspondente autoliquidación do imposto.

(4-A) AXUDAS PARA FACILITAR A FABRICACIÓN DE MEDIOS DE PROTECCIÓN

- A Xunta aprobou un novo programa de axudas dotado con 2,5 millóns de euros que impulsará a reorganización produtiva inmediata das empresas galegas para facer fronte á emerxencia sanitaria e poder producir material sanitario, equipos de protección individual, probas de diagnose, ventiladores e desinfectantes, entre outros.
- Máis información no teléfono 900 815 151 e no correo electrónico informa@igape.es

(4-B) AXUDAS Á REORGAIZACIÓN DOS PROCESOS PRODUTIVOS NAS EMPRESAS PARA FABRICAR EQUIPOS DE PROTECCIÓN E DESENVOLVER SOLUCIÓNS INNOVADORAS PARA COMBATER O CORONAVIRUS.

- Xesgalicia ven de poñer en marcha unha liña de financiamento de 10 millóns de euros para cubrir as necesidades de reestruturación produtiva das empresas galegas que decidan acometer a fabricación de material de protección necesario para facer fronte ao coronavirus. En concreto, esta liña financiará investimentos e circulante, e as empresas deberán dar resposta coa produción de equipos como, por exemplo, téxtiles sanitarios, equipos de protección individual (EPIs) e materiais para respiradores.

- Máis información: <http://www.xesgalicia.es/gl/content/activada-unha-lina-de-financiamiento-para-producir-material-de-proteccion-ante-o-coronavirus>

Outra información de interese:

REDE DE OFICINAS DE EMPREGO

A Xunta habilita un novo formulario web **para facilitar e axilizar a alta inicial** daquelas persoas que nunca estiveron inscritas como demandantes de emprego

https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/gl/?option=com_content&view=article&id=484

Tamén hai dispoñible nesta páxina un documento para descargar con:

- Preguntas máis frecuentes das persoas demandantes sobre as medidas COVID-19
- Información sobre como se tramita a túa prestación económica derivada dun erte de forza maior iniciado como consecuencia do covid-19?
- Medidas extraordinarias para persoas demandantes
- Medidas sobre a organización e realización de trámites